

O termo **fraxilidade** (fragilis = crebrar ou romper), desde a perspectiva antropolóxica, enténdese como a condición ou límite inherente da persoa que nós concibimos como indefensa e susceptible de sufrir algún dano; o noso ser limitado (restrinxido, condicionado), continxente (incerto, circunstancial) e vulnerable (= fráxil, indefenso) vese afectado e danado polas condicións ambientais e socioeconómicas que estamos a vivir a nivel global, que afectan o noso benestar físico, psicolóxico, espiritual e social, e confirman así a nosa fraxilidade como seres humanos.

Esta vulnerabilidade constitúe a base do autocoidado, está relacionada co imperativo ético de garantir a protección da vida. A experiencia do Rexurdimento estará presente cando cada un de nós asegure -dentro das nosas posibilidades- ofrecer unha atención adecuada e oportuna. Aseguremos que todas as persoas sexan tratadas con respecto, ofrécese os mesmos coidados e dereitos desde un enfoque de xustiza social, polo que “os máis fortes” teñen a obriga moral de protexer a fraxilidade dos demais.

Nesta mostra, cada autor/ra pon o seu punto de cor para a reflexión deste estado. Eles son:

Milagros Cotelo, natural de Carballo, moi comprometida con todo aquilo que ten que ver coa diversidade funcional. Participou en diversos programas da TVG. Foi Carballesa do ano no 2017 e premio e esforzo da fundación María José Jober. Para ela a arte é un reto persoal ao tempo que un compromiso, que pode axudar a cambiar moitas barreiras humanas. Describe a súa pintura en base á figuración, ao impresionismo, e agasallos de surrealismo. Apaixonada do momento creativo, soe cambiar de técnicas en cada reto. A acuarela, o collage e as tintas invítana a seguirlas, teñen como vida propia. O óleo é dócil e déixase manexar de todas as formas posibles, de aí que teña unha gran devoción por esta técnica.

Jesús ArtÉxtasis Licenciado en Belas Artes e en Dereito. Pintor, escritor, cineasta e profesor de Debuxo no ensino público. Autor dos libros: *Hecamerón, 100 jornadas de la pandemia, CosmoEstética I e CosmoEstética II*, obra cumbre do xénero de aforismos. Promotor de Arte. Fundador da Editorial ConSciencia. Toda a súa obra se caracteriza pola forza e insistencia no rigor formal e técnico xunto cunha insubornable falta de concesións a pretextos que se aloxen da Estética.

Isabel Soutullo é unha artista apaixonada que utiliza o seu talento para abordar temas de conciencia social e ambiental a través da súa obra. Os seus cadros son un fermoso equilibrio entre o figurativo e o abstracto o que lle permite ao espectador mergullarse onde se entrelazan as emocións e ideas. Con cada pincelada invita á reflexión sobre a realidade que nos rodea. O seu estilo único non so é visualmente atractivo senón que tamén provoca un diálogo profundo sobre a importancia de coidar o noso planeta e de ser conscientes das problemáticas sociais. É creadora da firma ra.rusticarte.

Cristina Castro (Xixón, 1975) Ilustradora carballesa, entusiasta dos acrílicos aínda que experimenta ás veces con outras técnicas. Interesada na caricatura e o humor gráfico, aspira a seguir avanzando no eido da pintura. Conta con numerosas exposicións no seu currículo.

Maribel Castiñeira (XMÑ) é unha artista autodidacta que experimenta cunha técnica espontánea na que os trazos crus case resgan o soporte. Non lle interesa o virtuosismo porque é na inmediatez onde reside a esencia da súa arte e o mesmo que pasa na meditación, a mente elimínase do proceso. Dálle así forma ao propio acto creativo. A medida que avanza a súa práctica, as obras van gañando en complexidade sen perder o seu carácter inmediato.

Loli España, dende fai 25 anos son licenciada en Belas Artes e Máster en Creatividade máis xa con anterioridade, pintaba e expoñía os seus traballos ao longo da nosa comunidade e en diferentes puntos do resto de España e Portugal. Os traballos que presento, son creados con materiais de experimentación fundidos coas cores e útiles tradicionais para intentar atopar o meu mellor medio de expresión respectando e tratando de enaltecer sempre o medio ambiente.

Poida que non sexa doado atinar co mundo da plástica ao crear o imaxinario ao que aspiro, mais no feito de intentalo, reside o obxectivo final das miñas propostas

Mon Lendoiro (Carballo, 1971) é técnico superior en Artes aplicadas, deseño gráfico, ilustración e gráfica publicitaria. Membro fundador e presidente do colectivo bergantiñán "Crea Formas" (1988-2017). Ten no seu haber numerosas exposicións tanto colectivas como individuais. En 2014, abriu a primeira galería de arte na súa cidade natal, Carballo, combina exposicións, presentacións literarias e obradoiros de arte e deseño. No mundo editorial, as súas ilustracións acompañan os textos de autores galegos como Rosalía Fernández Rial, Fernando Cabeza Quiles, Paco Souto, Henrique Mariño, Pura Tejero, Antonio Andrade...



Milagros
Cotelo

Loli
España

Cristina
Castro


Mon
Lendoiro

Maribel
Castiñeira
(XMÑ)

Isabel
Soutullo

Jesús
ArtÉxtasis

horario de visita
de luns a sábado de 17:00 a 20:30 horas



do 12 de xuño ao 12 de xullo

A etérea *fraxilidade* humana

e poemas de Rosalía Fernández Rial, Modesto Fraga, Xaquín Silva, Pura Tejero e Jesús ArtÉxtasis



CONCELLARÍA
DE CULTURA

do 12 de xuño ao 12 de xullo

A etérea *fraxilidade* humana

coa performance musical a cargo de Susana de Lorenzo

e poemas de Rosalía Fernández Rial, Modesto Fraga, Xaquín Silva
Pura Tejero e Jesús ArtÉxtasis



CONCELLARÍA
DE CULTURA